

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE PEPE DE XAN BAÑA  
CURSO: 6º EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: Ciencias da Natureza  
DEPARTAMENTO:  
DATA: 07/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendiz
Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.	Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.
Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, cuidados, etc.	Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.
Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde.	<p>Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o cuidado e mantemento do funcionamento global do corpo.</p> <p>Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.</p> <p>Observa, identifica e describe algúns avances da ciencia que melloran a saúde (medicina, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga etc.).</p>
Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.	Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.
Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	<p>Identifica as características e clasifica os seres vivos nos distintos reinos.</p> <p>Explica a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.</p>
Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e cuidado cara aos seres vivos.	Investiga e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas. Observa e identifica diferentes hábitats dos seres vivos facendo fincapé no cuidado destes e nomea algunhas causas de extinción de especies.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Valoración persoal do traballo e esforzo do alumnado.</li> <li>- Contraste da experiencia/traballo dixital con outro profesorado do centro.</li> <li>- Recompilacións de materiais e valoración por escrito.</li> </ul>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Exercicios e tarefas que se pidan.</li> <li>-Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.</li> <li>-Presentación de traballos.</li> <li>-Debuxos que representen aquilo que aprenderon.</li> <li>-Traballos monográficos e pequenas investigacións.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Terase en conta a nota media dos dous trimestres anteriores, as tarefas e actividades que se pidan e o seguimento que se realiza do alumnado. Valorarase especialmente o esforzo e os medios dos que dispoña cada unha das alumnas e alumnos nos seus fogares.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Avaliación de materia pendentas</b>	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	No caso de Ciencias da natureza, as actividades están a ser de repaso e reforzo.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	Todas as actividades están propostas tendo en conta o nivel curricular medio do grupo e as súas aprendizaxes previas, outorgando un uso significativo da lectura, da escritura e das TIC. A hora de entregar as tarefas dáse flexibilidade ao alumnado, tendo en conta as diferenzas individuais e medios dos que dispoñen.
<b>Materiais e recursos</b>	<p>No que respecta ao alumnado con conectividade, envíanse a diario as actividades propostas. Estas van en formato PDF. Cada unha das actividades acompáñase dunha explicación e/ou un vídeo insertado mediante un hipervínculo que dá acceso a un enlace externo (youtube, Vimeo, páxinas informativas...).</p> <p>No caso do alumnado sen conectividade (datos mediante teléfono móbil), envíanse as tarefas mediante un servizo de fotocopias que oferta o Concello de Santa Comba. Os vídeos e outros recursos coma imaxes, facilitáanse ao alumnado a través do watshapp das nais/pais. Este alumnado ten un</p>

	seguimento diferenciado en canto a resto, titorizado mediante chamadas ás familias todas as semanas para resolver posibles dúbidas.
--	---

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A comunicación principal co alumnado realízase a través das familias, ben a mediante chamadas telefónicas, correo electrónico ou whatsapp. No meu caso debido a problemas de seguridade, fiabilidade e conectividade , descartei a utilización de outros medios como Skype ou Zoom.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.